



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA



*memoria de
responsabilidade social
corporativa*
2016



| | |
|--|--------|
| 1. Carta do Director Xerente | Páx.04 |
| 2. Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A. | Páx.05 |
| 2.1. Quen somos e onde estamos | Páx.05 |
| 2.2. Que facemos | Páx.06 |
| 2.3. Goberno corporativo | Páx.10 |
| 2.4. Os nosos Grupos de interese | Páx.12 |
| 2.5. Principais fitos e retos | Páx.14 |
| 3. Enfoque, obxectivos e compromisos RSC | Páx.18 |
| 3.1. Enfoque RSC | Páx.18 |
| 3.2. Obxectivos de alto nivel | Páx.19 |
| 3.3. Compromisos RSC | Páx.20 |
| 4. Xestión económica | Páx.22 |
| 4.1. Desenvolvemento económico | Páx.23 |
| 4.2. Conta de perdas e ganancias | Páx.24 |
| 4.3. Política de solicitude e aceptación de axudas e subvencións | Páx.25 |
| 4.4. Información e publicidade | Páx.26 |
| 4.5. Cadea de subministración e prácticas de adquisición | Páx.26 |
| 5. A nosa contorna | Páx.30 |
| 5.1. Dereitos humanos | Páx.31 |
| 5.2. Loita contra a corrupción | Páx.31 |
| 5.3. Satisfacción dos nosos clientes | Páx.32 |
| 5.4. Cumprimento regulatorio | Páx.33 |
| 5.5. Proxección social | Páx.33 |

| | |
|---|--------|
| 6. Equipo humano | Páx.35 |
| 6.1. Estrutura interna | Páx.36 |
| 6.2. Empleo e prácticas laborais | Páx.36 |
| 6.3. Beneficios sociais | Páx.38 |
| 6.4. Saude e seguridade no traballo | Páx.39 |
| 6.5. Capacitación e educación | Páx.40 |
| 6.6. Igualdade e non discriminación | Páx.41 |
| 6.7. Liberdade de asociación e negociación colectiva | Páx.42 |
| 7. Xestión ambiental | Páx.43 |
| 7.1. Bens materiais | Páx.44 |
| 7.2. Consumo eficiente de recursos | Páx.44 |
| 7.3. Auga | Páx.45 |
| 7.4. Combustibles fósiles | Páx.45 |
| 7.5. Enerxía | Páx.46 |
| 7.6. Cambio climático e emisións de efecto invernadoiro | Páx.47 |
| 7.7. Xeración e xestión de residuos | Páx.47 |
| 7.8. Biodiversidade e espazos naturais | Páx.47 |
| 7.9. Emisións | Páx.49 |
| 7.10. Sensibilización e educación ambiental | Páx.50 |
| 7.11. Desprazamentos e transporte | Páx.50 |
| ANEXO I: Os 10 principios do Global Compact | Páx.52 |
| ANEXO II: Fontes e referencias | Páx.54 |
| ANEXO III: Glosario de termos | Páx.58 |
| ANEXO IV: Correlación de indicadores coa Guía GRI-G4 | Páx.60 |
| ANEXO V: Información de contacto RSC | Páx.78 |

1. Carta do Director Xerente

Coma Director Xerente de Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A. (RETEGAL), comprácame dar a coñecer a nosa primeira Memoria de Responsabilidade Social Corporativa (RSC), que comprende o esforzo das persoas que conformamos esta empresa.

Conscientes da responsabilidade que supón asumir as nosas funcións de modo transparente e comprometido, integramos no noso modelo de xestión, un novo enfoque baseado nos principios e compromisos propios da RSC, con obxecto de contribuír, como sociedade mercantil pública, ao desenvolvemento dunha sociedade máis sostenible e transparente, en clara alineación cos promulgados da Lei 2/2011, de 4 de marzo, de Economía Sostenible.

Como primeiro paso, subscribimos os dez principios do Global Compact promulgados polas Nacións Unidas sobre prácticas de respecto aos dereitos humanos, traballo digno, medio ambiente e políticas de anti-corrupción, comprometéndonos a medir, evaluar e informar periódicamente, sobre o grado de desenvolvemento dos mesmos.

Así mesmo, baseámonos/baseámosnos nas recomendacións e directrices da guía Global Reporting Initiative (G4), principal referente internacional para a análise e elaboración de memorias de sostenibilidade, para recoller neste documento os principais resultados da nosa xestión en materia económica, socio-laboral e medioambiental, ao longo do ano 2016.

Esta Memoria é un reflexo do traballo, a transparencia e a veracidade das nosas accións, e representa a nosa filosofía ético-ambiental, estando toda a información que contén verificada internamente e respondendo fielmente á imaxe da nosa organización.

Somos conscientes das dificultades e retos que entraña este primeiro exercicio de comunicación, pero temos a confianza de que todas as opinións e comentarios que recibamos sobre a nosa xestión, axudarannos a definir e desprezar as nosas actuacións futuras en materia de responsabilidade social.

A publicación da nosa Memoria é de carácter anual, consolidándose o compromiso adquirido cos ideais da Responsabilidade Social Corporativa.

Moitas grazas.

2. Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A

2.1. ¿Quen somos e ónde estamos?

A nosa historia arrinca a finais da década dos '90, momento no que se constitúe Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A. (en diante, Retegal). É a sociedade mercantil pública autonómica encargada da xestión das infraestruturas de telecomunicación titularidad da Xunta de Galicia, que foi creada especificamente para a prestación de servizos de telecomunicacións na Comunidade Autónoma de Galicia mediante Decreto 58/1997, da Consellería de Facenda, de 20 de febreiro (DOG número 96, do 21 de marzo).


Retegal asume, segundo os seus estatutos, a responsabilidade de planificar e xestionar as actuacións que tenden cara ao desenvolvemento de infraestruturas, redes, sistemas e servizos de telecomunicacións, así como de deseñar as estratexias de futuro dun gran mercado.

Dispón dunha extensa rede de infraestruturas de telecomunicacións, así como de transporte e de radiodifusión na Comunidade Autónoma de Galicia. Para o seu despregue e xestión, conta cun equipo humano altamente cualificado e experimentado que, na súa gran maioría, aportan unha experiencia de máis de 30 anos na xestión e explotación de redes e servizos de telecomunicación.

A data da publicación desta memoria, os nosos servizos centrais, o centro nodal da nosa rede e o noso Centro de Xestión e Atención de Rede (CEXAR), están situados en:

Complexo de San Marcos. Bando-San Marcos, s/n.

15820 Santiago de Compostela (A Coruña).



2.2. ¿Qué facemos?

En RETEGAL realizamos a planificación, instalación, xestión, mantemento e explotación de infraestruturas, sistemas e servizos de telecomunicación no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. Así mesmo elaboramos propostas, análises e estudos relacionados coas telecomunicacións restrinxidos ao ámbito dos servizos que temos encomendados.

Resulta necesario aclarar que, como sociedade mercantil pública autonómica, RETEGAL actúa:

1. Como medio propio instrumental da Xunta de Galicia.
2. En calidade de operador neutro no ámbito da Circular 1/2010, da Comisión do Mercado das Telecomunicacións.

Atendendo á natureza do noso modelo organizativo podemos clasificar a nosa actividade en:

A. ACTIVIDADES ORIENTADAS A SERVICIOS

- DIFUSIÓN.

- Televisión

Facilitamos unha cobertura poboacional do 98% para o múltiple autonómico MAUT, con 140 centros operativos, cumprindo cos obxectivos de cobertura poboacional establecidos polo Real Decreto 805/2014, do 19 de setembro polo que se aproba o Plan Técnico Nacional da Televisión Dixital Terrestre e regúlanse determinados aspectos para a liberación do Dividendo Dixital. Non se pode obviar que, nunha Comunidade Autónoma como é a de Galicia, cunha alta dispersión poboacional e difícil orografía, a referida porcentaxe de cobertura supón un logro difícil de alcanzar.

RETEGAL presta este servizo con índices de calidade e continuidade moi superiores aos comprometidos.

Prestamos, en colaboración cun operador de ámbito nacional, servizos do múltiples estatal RGE na Comunidade Autónoma de Galicia, e ofrecemos, con excelentes índices de calidade e continuidade, os servizos de codificación, multiplexación, contribución e difusión de diversos múltiples de TDT local.

- Radiodifusión

Facilitamos os servizos de transporte e difusión á Radio Galega (RG), con 38 centros de emisión operativos que facilitan unha cobertura poboacional superior ao 98%. Estes servizos tamén os prestamos con índices de calidade e continuidade moi elevados.

Prestamos servizos de coubicación e contribución IP a concesionarios de licenzas de FM.

- REDE DIXITAL DE EMERXENCIA E SEGURIDADE DE GALICIA (RESGAL).

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), por resolucións de datas 19 de xaneiro e 27 de outubro de 2015, encomendounos a xestión e mantemento da RESGAL.

En virtude de dita encomenda, levamos a cabo a complexa tarefa de explotación e xestión integrais do servizo de comunicacións móbiles de emerxencias e seguridade da Xunta de Galicia que, ademais da operación e mantemento da infraestrutura de rede, contempla a xestión operativa de usuarios, tanto das entidades adscritas á Xunta de Galicia como doutras entidades pertencentes á administración, con responsabilidades en materia de emerxencias e seguridade que actualmente se atopan integradas na RESGAL.

Esta xestión supón un importante reto para nós, tanto pola importancia e transcendencia do servizo prestado, como pola diversidade de perfís dos usuarios e polo cambio do modo de operación que, para eles, materialízase na disposición dunha rede de última tecnoloxía e de avanzadas prestacións.

- CONECTIVIDADE E TRANSPORTE.

RETEGAL presta servizos de conectividade en calidade de operador neutro a outros operadores privados, así como servizos de transporte á propia Administración Autonómica en réxime de autoprestación.

RETEGAL xestiona unha rede de alta velocidade que, conformando dous aneis (norte e sur) no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, dá conectividade a máis de 30 centros públicos de telecomunicación nos que se prevén altos requirimentos de ancho de banda, ben pola cobertura propia dos centros, ben pola capacidade acumulada doutros centros con eles enlazados. Constituída por ligazóns ópticas e de microondas, permite a interconexión das infraestruturas

titularidade da Xunta de Galicia, imprescindible para prestacións dos servizos de transporte e conectividade, tanto propios como a terceiros.

Esta rede está deseñada sobre tecnoloxía DWDM para os circuitos ópticos con máis de 1.800 quilómetros de fibra óptica, cunha capacidade de transporte de ata 40 lambdas a 10 G sobre a que se instalou unha rede IP/ MPLS, e de 130 vans de radioenlaces de microondas como respaldo da rede óptica e rede de acceso.

Coa finalidade de prestar un servizo de maior calidade e garantir o cumprimento dos elevados SLAs, realizamos accións continuadas destinadas a mellorar a capilaridade, capacidade, integridade e robustez das nosas redes DWDM, MPLS e de RADIOENLACES.

● ALBERGAMENTO.

Actualmente xestionamos máis de 270 centros de telecomunicación, titularidade da Xunta de Galicia, en toda a Comunidade Autónoma, prestando ademais servizos de coubicación e albergamento a operadores, en calidade de operador neutro.

ACTIVIDADES ORIENTADAS A SOPORTE.

● CENTRO DE XESTIÓN E ATENCIÓN DE REDE (CEXAR)

O Centro de Xestión e Atención de Rede (CEXAR) é o centro de control da rede de telecomunicacións xestionada por Retegal.

O CEXAR presenta unha tripla vertente ao incorporar:

- A xestión das actividades técnicas e de resolución de incidencias propias dos centros destas características.
- Un servizo de atención continuada e permanente durante as 24 horas, os 365 días do ano, facilitando informes particularizados aos clientes dos niveis de calidade técnica ou indispoñibilidades alcanzadas no transporte e difusión dos sinais.
- Un sistema de información ao usuario, a través dun teléfono, tamén de prestación continuada 24x7, no que se facilitan os datos, en relación coas calidades da recepción dos sinais, en cada punto da Comunidade Autónoma, niveis de cobertura das canles de televisión ou calquera outro en relación aos servizos que presta na Comunidade Autónoma.

Durante o ano 2016, dende o CEXAR realizouse a xestión de:

- 3.982 incidencias e 7.726 intervencións
- 1.414 accesos a centros (solicitud, confirmación e seguemento).
- 10.700 chamadas.

• SISTEMAS.

Concibimos os sistemas como ferramentas fundamentais para garantir a calidade e seguimento dos nosos servizos. Actualmente atopámonos nun proceso de deseño e actualización dos sistemas existentes.

• CALIDADE, PROCESOS E PREVENCIÓN DE RISCOS

A implantación da nova estrutura organizativa esixiu a definición dun modelo de xestión orientado a procesos, para o que se definiu un mapa de procesos de RETEGAL, mapa que, pola propia natureza da empresa, está en continua evolución e mellora.

Nesta liña realizouse a implantación de diversos procesos inherentes á explotación e xestión da RESGAL, especialmente aqueles relacionados coa xestión operativa do servizo, incorporación de usuarios e xestión de terminais, así como os procedementos e procesos do CEXAR, definindo novos parámetros coa finalidade de adecuar o alcance da certificación conforme á norma UNE-EN ISO 9001:2015, aos novos servizos prestados pola compañía.

A prevención de riscos laborais é un esforzo continuo, orientado tanto a nivel interno (traballadores de RETEGAL) como externo (clientes e provedores) e, deste xeito, realizamos unha adecuación continua dos seus procedementos, normativas, equipos de protección individual (EPI's), coordinación de actividades empresariais, etc. Adicionalmente estamos a traballar co obxectivo de implantar e certificar a nosa organización cun estándar de seguridade e saúde laboral.

• NORMALIZACIÓN TÉCNICA E OUTROS PROXECTOS.

En RETEGAL estamos en continuo proceso de mellora, realizando:

- Adecuación técnica dos nosos centros.
- Normalización dos nosos procesos operativos.
- Normalización dos proxectos internos.
- Normalización dos proxectos.

• INNOVACIÓN.

Como empresa tecnolóxica, estamos en continua evolución de programas, proxectos e servizos. Colaboramos en distintos proxectos de innovación tecnolóxica con outras empresas do sector e centros de transferencia tecnolóxica.

Actualmente estamos:

- Por convenio entre Retegal e o Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais (PDCIF), estamos a realizar proxectos piloto para a análise de diferentes tecnoloxías da área TIC á detección temperá de incendios.
- Participando con organismos públicos, galegos e portugueses, no proxecto LIFETEC, concedido pola Comisión Europea e pertencente ao seu programa de proxectos da convocatoria LIFE 2016, para a detección temperá de incendios forestais utilizando tecnoloxías de comunicación electrónica.

2.3. Goberno corporativo G4-34 G4-35 G4-36 G4-37 G4-38 G4-39 G4-40 G4-41 G4-42 G4-48 G4-51 G4-52 G4-53

De conformidade co establecido no Título III dos Estatutos de RETEGAL, o goberno e administración da sociedade están encomendados aos seguintes órganos:

- A Xunta Xeral de Accionistas.
- O Consello de Administración.

A Xunta Xeral de Accionistas é o órgano de administración e fiscalización dentro da sociedade, onde se toman as decisións cruce de funcionamento.

Entre outras atribucións, á Xunta Xeral de Accionistas correspóndelle a determinación do número concreto de conselleiros do Consello de Administración, así como a súa elección.

A xunta xeral común se reúne necesariamente dentro dos seis primeiros meses de cada exercicio para, se é o caso, aprobar a xestión social, as contas do exercicio anterior e resolver sobre a aplicación do resultado.

O Consello de Administración é o órgano de representación e administración da sociedade.

A data de redacción desta memoria está integrado por sete membros, Presidenta, Vicepresidenta, 4 Conselleiros/ as e 1 Secretario:

- Presidenta: Pereira Álvarez, M^a del Mar
- Vicepresidenta: Sánchez Sierra, Mar

- Secretario: González Murga, Enrique (no e membro do Consello de Administración)
- Vogal: Fernández Dabouza, Mauro M.
- Vogal: Ferreiro Esteban, Belén
- Vogal: Otero López, Ignacio José
- Vogal: Rodríguez Barrio, Miguel



O/a presidente/a e o/a vicepresidente/a de o Consello de Administración, sonos por razón de cargo, correspondéndolle respectivamente á persoa titular de dirección da entidade pública instrumental competente en materia de modernización e innovación tecnolóxica e á persoa titular do órgano superior competente en materia de comunicación social.

O Consello de Administración realiza ao ano entre 4 e 5 reunións, percibindo unha dieta por importe de 137,69 euros por sesión (ano 2016). No ano 2016 as retribucións dos Consellos de Administración das sociedades mercantís públicas non experimentaron incremento con respecto ás vixentes o ano anterior (Artigo 21 da Lei 12/2015, do 24 de decembro, de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016).

A composición do Consello de Administración contempla unha presenza equilibrada en materia de xénero, cumprindo así as disposicións normativas en materia de igualdade efectiva de mulleres e homes.

O Director Xerente. A Sección Terceira do Título III dos Estatutos de RETEGAL, establece no seu artigo 24 que, baixo a inmediata dependencia do/a Presidente/a, dirixirá a organización empresarial da sociedade e os seus negocios sociais, segundo o réxime de atribucións, dereitos, deberes, incompatibilidades, remuneración e competencias que, para o efecto, aquel estableza.

Ademais, correspóndenlle as atribucións que, no seu caso, poida conferirlle a/o Presidenta/e, previo acordo do Consello de Administración.

No ano 2015, e tras un procedemento de convocatoria de conformidade cos principios de publicidade, concorrência e obxectividade, foi nomeado Director Xerente Miguel Rodríguez Quelle, en réxime de persoal laboral de alta dirección. A información sobre o seu perfil profesional pode consultarse na web corporativa www.retegal.es.

2.4. Os nosos grupos de interese G4-24 G4-25 G4-26 G4-27

“Os grupos de interese ou stakeholders son persoas ou grupos de persoas que teñen impacto ou ven afectados polas actividades, produtos ou servizos dunha organización”.

No contexto no que prestamos os nosos servizos, a identificación das expectativas e demandas dos nosos grupos de interese, e a posterior integración na nosa estratexia, é esencial para alcanzar un posicionamento socialmente responsable.

Desta forma, valores como a transparencia, a comunicación fluída e o diálogo continuo deben ser a base do noso modelo de xestión presente e futuro.

En RETEGAL aliñamos as necesidades e requirimentos dos nosos grupos de interese co noso modelo de xestión a través de canles efectivas que favorezan a comunicación con todos eles.

¿Quen son estos grupos de interese?

Os grupos de interese con un impacto significativo na nosa organización son fundamentalmente:

Accionistas: *A Xunta de Galicia constitúese como o socio único da sociedade.*

A organización, funcionamento e competencias da Xunta Xeral de Accionistas atópanse recollidos na Sección Primeira do Título III dos Estatutos de RETEGAL, que regula o seu réxime de administración.

Consello de Administración: *A Sección Segunda do Título III dos Estatutos regula a organización, funcionamento e competencias do Consello de Administración.*

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA): *A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), adscrita a Presidencia da Xunta de Galicia, ten como obxectivos básicos a definición, o desenvolvemento e a execución dos instrumentos da política da Xunta no campo das tecnoloxías da información e comunicacións e a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico.*

En virtude do disposto no artigo 21 do Decreto da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e apróbanse os seus estatutos, Retegal queda adscrita á Amtega, a través da área de Infraestruturas e Telecomunicacións.

Secretaría Xeral de Medios: De acordo co artigo 3 do Decreto 88/2013, do 30 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, a Secretaria Xeral de Medios é o órgano superior da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia encargado de executar a política xeral da Xunta de Galicia en materia de medios de comunicación social, correspondéndolle o exercicio, entre outras, das funcións de dotación de infraestruturas no ámbito da comunicación e a implantación de redes propias de comunicación audiovisual e televisiva para a prestación de servizos que sexan competencia da comunidade autónoma, de acordo co establecido na Lei 7/2010, de comunicación audiovisual.

Sector Público Autonómico: RETEGAL é unha das entidades incluídas no Catálogo de medios e prestacións susceptible de autoprovisión, que recolle entre os servizos ou prestacións obxecto de autoprovisión os servizos de investimento e mantemento en telecomunicacións prestados por RETEGAL.

Organismos reguladores: Prestamos especial atención a toda a normativa e regulación de ámbito nacional, comunitario e internacional en todas aquelas materias que afectan á nosa actividade.

Administracións Públicas: Non podemos obviar as nosas relacións co resto das administracións públicas.

Traballadores: Os nosos traballadores constitúen un grupo de interese cruce. A disposición de políticas activas que motiven a súa implicación e proxección profesional son un aspecto fundamental para alcanzar con éxito os obxectivos estratéxicos da sociedade.

Cientes: Como operador de telecomunicacións orientamos a nosa vocación de servizo á satisfacción dos nosos clientes.

Provedores: Dos nosos provedores depende en gran medida o cumprimento dos compromisos de servizo adquiridos por RETEGAL. A selección dos nosos provedores está directamente ligada á normativa de contratación pública. En coherencia co noso modelo de xestión, estendemos os

requisitos e compromisos en materia social, laboral, ética, de seguridade e saúde laboral, calidade e medio ambiente a todos eles.

Universidades: Como sociedade pública comprometida coa investigación, o desenvolvemento e a innovación participamos en proxectos de I+D+i con diferentes centros de investigación e universidades.

Representantes legais dos traballadores: Os representantes legais dos traballadores actúan como interlocutores lexítimos entre a empresa e estes últimos. Cos Delegados de Persoal mantemos comunicación aberta e fluída.

2.5 Principais fitos e retos

Principais fitos:

Pola súa importante influencia dinamizadora, a adopción e utilización das Tecnoloxías da Información e a Comunicación (en diante, TIC) representa un factor crave para o desenvolvemento económico e social que numerosos gobernos identifican como esencial para a mellora do benestar social.

A este respecto, a conectividade de banda ancha é un factor indispensable para poder achegar os beneficios das TIC ao conxunto da sociedade, sendo a equidade no seu acceso un elemento de cohesión social e territorial.

A contribución de Retegal para achegar os beneficios das TIC aos diferentes colectivos da sociedade galega, vén marcada polos seguintes fitos:

-  **Plan de Banda Longa:** O Plan Director de Banda Ancha de Galicia 2010-2013 da Xunta de Galicia, contemplaba a potenciación das infraestruturas públicas de telecomunicacións e, en concreto, o fortalecemento do operador público RETEGAL, na súa condición de OPERADOR NEUTRO, dotándoo dos medios e capacidades que permitisen reducir os custos e acelerar o despregamento da banda ancha, favorecendo ao mesmo tempo a presenza dos operadores privados en igualdade de condicións para a prestación de servizos e, por tanto, unha competencia e pluralidade que redundase no progreso de Galicia.

 O Plan Director de Banda Ancha de Galicia 2010-2013 da Xunta de Galicia, contemplaba a potenciación das infraestruturas públicas de telecomunicacións e, en concreto, o fortalecemento do operador público RETEGAL, na súa condición de OPERADOR NEUTRO, dotándoo dos medios e capacidades que permitisen reducir os custos e acelerar o despregamento da banda ancha, favorecendo ao mesmo tempo a presenza dos operadores privados en igualdade de condicións para a prestación de servizos e, por tanto, unha competencia e pluralidade que redundase no progreso de Galicia.

 Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia (RESGAL). A Xunta de Galicia dispón dunha rede dixital de radiocomunicacións móbiles dixitais baseada en tecnoloxía estándar TETRA, que ofrece servizos de comunicación de voz e datos a usuarios no ámbito da seguridade e emerxencias públicas.

O Consello da Xunta, na súa sesión do 15 de maio de 2014, acordou a aprobación da posta en marcha e o modo de explotación da RESGAL. Este Acordo establece que a xestión e mantemento da rede corresponderá á AMTEGA, a través de RETEGAL.

Para dar cumprimento ás previsións do referido Acordo, A AMTEGA resolveu encomendar a RETEGAL a xestión, explotación e mantemento da RESGAL.

A RESGAL presta servizo a distintos organismos, entre os que cabe destacar a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Medio Rural e do Mar e a Consellería de Sanidade.

A explotación da RESGAL, supoñerá unha carga de traballo a medio/longo prazo e un mellor aproveitamento das infraestruturas e recursos de rede xestionada por Retegal.

Así mesmo, deberemos participar de forma activa na definición e deseño de futuras ampliacións e mellora da rede, tanto en aspectos operativos como en incrementos de cobertura, capacidades ou servizos soportados.

 Innovación tecnolóxica. Dende a nosa constitución, mantivemos un papel activo na investigación, desenvolvemento e innovación das TIC, faceta que se quere reforzar

formulando como obxectivo estratéxico da entidade, a participación na acción innovadora dos axentes públicos e privados de Galicia no campo das telecomunicacións.

Nesta liña, durante o ano 2016 formamos un consorcio coa AMTEGA, a Universidade de Vigo, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental (SXCAA) e o Instituto Portugués do Mar e da Atmosfera (IPMA) para presentar, en setembro de 2016, o proxecto “ Fighting Forest Fires Using Electronic Communication Technologies” ante a Comisión Europea a través da súa Axencia “ Executive Agency for Small and Medium- sized Enterprises”. O código do proxecto para presentar é “ LIFE2016 ENV/É/000559” e o seu nome “ LIFETEC.

Retos 2016-2020:

-  *Mellora das redes de transporte e difusión. Para o período 2016-2019 RETEGAL acometerá os investimentos necesarios tanto para a modernización e actualización tecnolóxica das súas redes de difusión e transporte como para a incorporación de novas prestacións, todo iso co obxectivo da mellora dos seus servizos.*
-  *Operación da RESGAL. Para o período 2016-2020 RETEGAL, como operador da RESGAL continuará coa explotación e xestión da rede, así como coa mellora de servizos dispoñibles para as distintas entidades usuarias.*
-  *Adecuación operativa de RETEGAL. Como continuación da adecuación operativa, xa iniciada en anos anteriores, e que en 2013 materializouse nun cambio na estrutura organizativa da compañía, contéplase a implantación dun novo modelo que se caracteriza por unha estrutura máis transversal e orientada á prestación de servizos extremo a extremo.*

Nos próximos anos, a adecuación operativa focalizarase nos sistemas e procesos da empresa, prestando especial atención aos procesos internos e sistemas de soporte á

operación. Neste sentido, tanto a explotación da RESGAL, como os novos servizos derivados do Plan Director de Banda Longa e servizos de conectividade da Xunta de Galicia, supoñerán un reto pola necesidade de incorporar novos modelos de xestión.



Innovación tecnolóxica. Acometerase a realización de proxectos piloto avanzados en televisión dixital, así como a incorporación a novas experiencias tecnolóxicas.


Do mesmo xeito, RETEGAL explorará a súa capacidade para formar parte de consorcios ou partenariados público-privados, como instrumento para crear unha masa crítica innovadora en cooperación con outros axentes do sector TIC galego e para favorecer a captación de financiamento externo destinado a proxectos tecnolóxicos innovadores.

A data de publicación desta memoria, xa sabemos que a Comisión Europea concedeunos o proxecto LIFETEC e que durante o trienio 2017-2020 levarémolo a cabo coa AMTEGA, a Universidade de Vigo, a SXCAA e o IPMA.

3. Enfoque, obxectivos e compromisos RSC

Entendemos a Responsabilidade Social Corporativa (RSC), como o compromiso firme co desenvolvemento sustentable e coas preocupacións dos nosos grupos de interese internos e externos.

Dada a nosa natureza pública e o papel que xogamos na sociedade do coñecemento actual, como axente crave na prestación de servizos de telecomunicación en Galicia, abordamos a responsabilidade social como un elemento esencial da nosa estratexia corporativa sobre a que despregaremos a nosa xestión presente e futura.



3.1 Enfoque RSC

Misión:

“Realizar actividades dirixidas á prestación de servizos en materia de telecomunicación na Comunidade Autónoma de Galicia, para as que obterá os títulos habilitantes que sexan necesarios en cada caso.”

Así mesmo, terá por obxecto tanto a planificación, instalación, xestión, mantemento e explotación de infraestruturas, sistemas e servizos de telecomunicacións en Galicia, como a elaboración de propostas, análises e estudos relacionados coas telecomunicacións que lle correspondan á Comunidade Autónoma de Galicia”

Visión:

“Garantir, a máxima calidade nos servizos de telecomunicación, sendo recoñecidos como un referente autonómico e nacional en canto a eficiencia, responsabilidade, transparencia e compromiso coas preocupacións sociais, laborais e medio ambientais dos nosos grupos de interese”.

Valores:

- *Calidade de servizo.*
- *Compromiso coa sociedade e a nosa contorna.*
- *Eficiencia na xestión.*
- *Innovación tecnolóxica no despregamento da rede de telecomunicación.*
- *Respecto e atención á nosa persoal*
- *Seguridade na información.*
- *Transparencia nas nosas operacións.*

3.2 Obxectivos de alto nivel

1. *Cumprimento e desenvolvemento dos dez principios do Pacto Mundial das Nacións Unidas sobre prácticas de respecto aos dereitos humanos, traballo digno, respecto polo medio ambiente e políticas anti-corrupción, asumíndoas como propias e medindo periodicamente o grao de desenvolvemento das mesmas, realizando os correspondentes informes de progreso.*

2. *Implantación dun modelo de xestión integral que desenvolva os principios de responsabilidade social corporativa, seguridade e saúde laboral, medio ambiente e seguridade da información.*
3. *Integración da RSC na nosa estratexia corporativa de maneira que todas as nosas accións neste ámbito respondan a un esquema previo de reflexión, análise e consenso.*
4. *Establecemento de canles de comunicación con todos os nosos grupos de interese para atender as necesidades e requirimentos vinculados coa nosa actividade.*

3.3 Compromisos RSC

| Compromiso | Plan/ Acción que a desenvolve |
|---|--|
| <ul style="list-style-type: none"> • <i>Integrar a RSC na xestión da organización, someténdoa ás operacións de análises, control e mellora especificadas no noso modelo de xestión corporativo.</i> | <ul style="list-style-type: none"> • <i>Plan Director 2018-2020</i> |
| <ul style="list-style-type: none"> • <i>Planificación de actividades considerando os condicionantes da contorna, dos recursos e dos procesos existentes na organización, e despregamento de accións nos ámbitos económico, social, laboral, ambiental e operacional.</i> | <ul style="list-style-type: none"> • <i>Plan Director 2018-2020</i> |
| <ul style="list-style-type: none"> • <i>Implantación dunha canle de comunicación bidireccional cos grupos de interese. Canle web de consultas.</i> • <i>Seguimento continuo e análise de requirimentos de grupos de interese.</i> | <ul style="list-style-type: none"> • <i>MRSC_RETEGAL web</i> • <i>Sistema de xestión da calidade (UNE-EN ISO 9001:2015)</i> • <i>Consolidación do modelo de xestión de RETEGAL 2017 - 2018 (seguimento)</i> |
| <ul style="list-style-type: none"> • <i>Consolidación de políticas de contratación transparentes.</i> | <ul style="list-style-type: none"> • <i>Consolidación de modelo de xestión de</i> |

| | |
|--|--|
| <ul style="list-style-type: none"> Inclusión progresiva de cláusulas específicas para a contratación pública, relacionadas coa ética e/ou prácticas laborais, xestión financeira, respecto ambiental, competencia e anticorrupción. | <p>RETEGAL 2017 - 2018</p> <ul style="list-style-type: none"> Sistema de cumprimento. Compliance 2017-2018 |
| <ul style="list-style-type: none"> Adhesión, implantación, seguimento e reporte anual do grao de desenvolvemento dos principios de Global Compact de Nacións Unidas, referendado polo Consello de Administración da sociedade. | <ul style="list-style-type: none"> MRSC RETEGAL web Consolidación do modelo de xestión de RETEGAL 2017-2018 (seguimento) |
| <ul style="list-style-type: none"> Implantación dunha canle de comunicación interno para todos os empregados cos órganos directivos da compañía. Implantación dunha canle de denuncias. Implantación dun sistema de xestión en seguridade e saúde laboral en RETEGAL conforme á norma OHSAS 18001:2007 que permita un maior e mellor control das actividades da compañía. | <ul style="list-style-type: none"> Sistema de cumprimento. Compliance 2017-2018 Implantación da norma OHSAS 18001:2007(2018) Esquema Nacional de Seguridade 2017-2018 Consolidación do modelo de xestión de RETEGAL 2017-2018 (seguimento) |
| <ul style="list-style-type: none"> Implantación dun sistema de xestión ambiental en RETEGAL conforme á norma UNE-EN ISO 14001:2015. Facer extensible aos provedores e subcontratistas da sociedade o compromiso co medio ambiente. Sensibilizar a todos os grupos de interese sobre a importancia de incorporar nas súas operacións, programas de actuación sensibilizados co respecto ao medio ambiente. | <ul style="list-style-type: none"> Implantación da norma UNE-EN ISO 14001:2015 (2018) Consolidación do modelo de xestión de RETEGAL 2017-2018 (seguimento) |

Estes compromisos e obxectivos de alto nivel axudarannos a despregar, de modo efectivo, realista e controlado, futuras accións no marco da responsabilidade social e a xestión sustentable.

4. Xestión económica

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (LOFAXGA), establece no seu artigo 103.3 que o réxime orzamentario, económico-financeiro, de contabilidade e de control das sociedades mercantís autonómicas é o establecido pola lexislación de réxime financeiro e orzamentario da Comunidade Autónoma de Galicia.

RETEGAL é unha entidade con orzamento estimativo, polo que deberá presentar os seus orzamentos de explotación e capital e, no seu caso, os seus plans de actuación, investimentos e financiamento de forma individual e consolidada.

Os orzamentos de explotación e de capital integraranse nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, que á súa vez establecerá un control sobre a execución do noso orzamento.

Por outra banda, no convencemento de que unha contabilización correcta serve internamente para a toma de decisións de xestión e administración e externamente para fomentar a transparencia, seguimos estritamente as normas do Plan Xeral de Contabilidade (PGC). Este exercicio de reporte debe facerse desde a transparencia, claridade e obxectividade.

Consecuentemente, presentamos a Memoria de Contas do exercicio económico 2016, mostrando a imaxe fiel da nosa actividade económico-financeira, cuxas contas foron auditadas por unha entidade externa independente.


A continuación, seguindo criterios de veracidade e certeza, mostramos os resultados consolidados e auditados da nosa xestión económica correspondente ao exercicio 2016



4.1 Desenvolvemento económico G4-EC1 G4-EC3 G4-EC4

En RETEGAL presentamos anualmente as contas da nosa xestión económico- financeira, previamente auditadas por unha entidade externa independente.


Total activos non correntes




Total activos correntes



Total patrimonio neto




Total pasivos correntes




4.2 Conta de perdas e ganancias


Importe neto de cifra de negocio (en €)




Aprovisionamentos (en €)




Outros gastos de explotación (en €)




Amortizaciones de inmovilizado (en €)




Resultado financiero (en €)



Resultados de explotación (en €)





O Departamento Económico é o encargado da xestión dos riscos relacionados coa información financeira que inclúen o control orzamentario e contable.

4.3 Política de solicitude e aceptación de axudas e subvencións G4-EC3, G4-EC4

Os directores e responsables das distintas áreas de RETEGAL seleccionan as convocatorias públicas ás que concorrer. Para iso, como referencia para as bases reguladoras e convocatoria, tense en conta:

- As prioridades estratéxicas de RETEGAL e, en concreto, as necesidades de mellora de produtos ou servizos.
- As condicións de participación, principalmente se se trata dun proxecto individual ou en consorcio. Neste último caso prestarase especial atención a posibles conflitos de intereses con outros socios involucrados no proxecto.

Para a tramitación de subvencións o responsable de área poñerá o proxecto en coñecemento da Dirección, quen determinará a conveniencia ou non de solicitar a axuda. Toda solicitude de axuda aprobada, estará documentalmente formalizada pola Dirección Xerencia.

Desde o ano 2012 non recibimos subvencións de explotación da Xunta de Galicia. Igualmente, desde o ano 2014, non recibimos subvencións de capital da Xunta de Galicia.

En RETEGAL non recibimos ningunha axuda, doazón ou subvención pública durante 2016. Igualmente nin recibimos nin contribuímos, directa ou indirectamente, ao financiamento de ningún partido político local, autonómico nin estatal, tal e como constatan as nosas contas anuais auditadas por entidade externa independente.

4.4 Información e publicidade G4-PR8

En materia de seguridade da información, indicar que cumprimos co establecido na lei 15/1999, do 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal. Prevese, no marco de implantación dun Plan de Prevención de Delitos na sociedade, o despregamento dunha política de seguridade da información e unha política de privacidade da información, aliñadas co novo Regulamento Europeo de Protección de Datos (que entrou en vigor o día 25 de maio de 2016, tendo ata maio de 2018 para adaptarnos, data na que será obrigatorio en todos os seus elementos e directamente aplicable en cada Estado membro).

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno ten por obxecto regular a transparencia e a publicidade na actividade pública, garantir o dereito da cidadanía para acceder á información pública así como regular os mecanismos de bo goberno e o control da actividade dos altos cargos do sector público autonómico galego. Complementariamente dispoñemos na nosa páxina web corporativa, de toda a información relacionada con esta materia.

Indicar que nos últimos anos non detectamos casos de incumprimento de normativa ou de códigos voluntarios de boas prácticas en materia de competencia e mercadotecnia, tales como publicidade, promoción, patrocinio, etc.

4.5 Cadea de subministro e prácticas de adquisición G4-SO9 - G4-SO10

En RETEGAL temos asinado un convenio de colaboración coa Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia no marco da Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación de asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público.

A nova gobernanza global demándanos incorporar criterios de responsabilidade social como instrumento de cohesión, compromiso e sustentabilidade. Por iso, incorporamos de forma transversal a todas as nosas operacións, criterios de economía responsable, dereitos humanos, prácticas laborais adecuadas, xestión ética e respecto ambiental.

Descrición do marco xurídico que apoia os criterios de compra pública responsable:

A nivel europeo: Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública admite expresamente a inserción de criterios sociais e ambientais

na contratación pública, sempre que se respecten as liberdades básicas do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea e os principios derivados das mesmas.

A nivel estatal: o Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público recolle tamén mencións expresas en materia social e ambiental, entre outras ao comercio xusto.

A Lei 2/2011 de Economía Sustentable inclúe, entre os principios que han de guiar aos poderes públicos neste obxectivo, a mellora da competitividade, o fomento da capacidade innovadora das empresas, o aforro e eficiencia enerxética, a promoción de enerxías limpas, a redución de emisións e o eficaz tratamento de residuos, a racionalización da construción residencial e o fortalecemento e garantía do estado social. Moitos destes principios pódense conseguir co impulso e xestión da contratación pública responsable.

Dada a nosa condición de sociedade mercantil pública establecemos un proceso público, aberto e transparente de acceso á contratación, incorporando (de forma progresiva) cláusulas de protección de dereitos humanos, sociais e laborais, especialmente na contratación de servizos.

Nun exercicio adicional de transparencia, establecemos nos nosos procedementos de contratación a obrigatoriedade de solicitar un mínimo de 3 ofertas para todas as contratacións menores de importe superior ou igual a 6.600 euros, salvo casos excepcionais e sempre con xustificación motivada por escrito. Trátase dunha maior esixencia que a recollida na normativa de contratación estatal e europea, que permiten a adxudicación directa dos contratos menores a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no TRLCSP; isto é, a normativa de contratación establece limiares superiores para a adxudicación directa dos contratos menores (importe inferior a 50.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 18.000 euros, cando se trate doutros contratos).

